

Campo visual e interacción da luz, forma e contorno

18

Organización do campo visual

A superficie do traballo delimitada polos seus bordos (folla de papel, lenzo, plano, encadre fotográfico, etc) denomínaselle "*campo visual*". Nela situamos os elementos e estes manteñen entre si e co espazo no que están, relacións de influencia.

Espacio libre Espacio ocupado

Cando no campo visual non hai obxectos que o ocupen, dise entón que temos un *espacio libre* ou baleiro. No caso contrario, atoparémonos ante un *espacio ocupado*. Con todo, a composición de elementos non se basa en casos extremos (baleiro-cheo), xa que o espazo estará en xeral parcialmente baleiro ou parcialmente cheo. É a relación de equilibrio entre as zonas baleiras e as zonas ocupadas por obxectos as que ordenan o conxunto, segundo uns criterios determinados sometidos ás leis da composición.

A luz

As relacións entre os elementos que aparecen no noso campo visual non son só as expostas anteriormente (obxectos entre si e obxectos espazo). *A luz* que ilumine a escena confire a cada obxecto e a todo o espazo peculiaridades que varían en canto ela o faga e entón a información que chegue os teus ollos tamén cambiará. A luz, como fonte de sombras, de cores e de reflexos, é imprescindible para a visión, e sen ela, non pode chegar a información visual ós nosos ollos.

Variacións luminosas

As *variacións luminosas* baséanse na procedencia e composición da luz que emite unhas radiacións que estimulan as células que forman a retina do ollo. Ésta converte as radiacións en impulsos eléctricos mandándoas logo a través do nervio óptico ata o cerebro que é cando se interpretan. Con todo antes de chegar os nosos ollos, os máis

dos raios lumínicos bañan os obxectos (por iso vémoslos) e modifícanse, segundo as características da súa superficie e material.

A “*forma*” das cousas non é un concepto absoluto. Ó contrario, o noso cerebro pode comprendela por moi diferentes camiños e incluso na linguaxe gráfico-plástica existen diversos elementos que compoñen a forma das cousas, o que da lugar a diferentes posibilidades para a súa percepción.

Existe *interacción* (é dicir, modificación) entre a forma dos obxectos e o espazo no que se sitúan (relación fondo-forma). Tamén hai interacción entre o obxecto e a luz (luz-cor-sombra) e entre os obxectos entre si (forma-forma).

Os *elementos conceptuais* básicos que definen a forma dos obxectos son:

* *O punto* é o sinal visual máis simple que pode ser leída polo ollo humano e ten para este unha forte atracción visual. Os puntos soen agruparse visualmente cando os situamos uns preto doutros, podendo ter entón maior poder expresivo.

* *A liña* é na realidade unha suma de puntos ou a traxectoria que un punto describe cando se move. A capacidade expresiva da liña é moi grande tanto polas súas propias características (movemento, carácter, etc) como por ser definidora de volúmenes e superficies.

* *O plano* é a superficie xerada polo movemento uniforme dunha liña. Das características da liña que o xera (recta, curva, etc) e do movemento que realice, derívanse diferentes tipos de planos que denotan tamén actividades especiais distintas.

* A porción do espazo que ocupa un corpo tridimensional denomínase *volume* e pode ser observada dende varios puntos de vista.

Interacción *Luz* *Forma* *Entorno*

Elementos *conceptuais*

O punto

A liña

O plano

O volume